

ter especial rexeranse polo disposto nesta norma, con independencia da data en que se concertasen.

2. Non obstante o anterior, respectaranse as condicións máis beneficiosas que tivesen pactadas con anterioridade.

Disposición adicional segunda. *Prácticas profesionais e contrato en prácticas.*

As prácticas realizadas, se é o caso, para acceder á profesión de avogado conforme o previsto na Lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais, non impedirán que, obtida esta habilitación legal, se poidan concertar co mesmo traballador e nos termos deste real decreto contratos de traballo en prácticas de cuxa duración en todo caso se deducirá o tempo de realización daquelas.

Disposición adicional terceira. *Xurisdición competente.*

1. De conformidade co establecido na Lei de procedemento laboral, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril, os conflitos que xurdan entre as partes da relación laboral que se regula neste real decreto, tanto individuais como colectivos, serán competencia da xurisdición social, salvo o disposto na Lei concursal.

2. Sen prexuízo do disposto nos artigos 63 a 68 da citada Lei de procedemento laboral, por acordo entre os avogados e os titulares dos despachos, poderase someter a resolución das súas discrepancias á mediación ou arbitraje a través dos procedementos que se acorden.

Disposición adicional cuarta. *Dereito supletorio.*

No non regulado neste real decreto será de aplicación o disposto na Lei do Estatuto dos traballadores e as demais normas laborais de xeral aplicación en canto non sexan incompatibles coa natureza e características especiais que concorren nesta relación laboral.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**20183** *CORRECCIÓN de erros da Orde TAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o desenvolvemento parcial do previsto no Acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección. («BOE» 278, do 21-11-2006.)*

Advertidos erros na Orde TAS/3243/2006, do 19 de outubro, pola que se dispoñen medidas necesarias para o

desenvolvemento parcial do previsto no Acordo do Consello de Ministros do 9 de xuño de 2006, sobre determinadas medidas financeiras e sociolaborais integradas no Plan de apoio ao sector téxtil e da confección, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 1 de novembro de 2006, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1940 columna primeira, no artigo 4, punto 1.b) de parágrafo segundo, onde di: «Mulleres en xeral:...»; debe dicir: «1.º Mulleres en xeral:...».

Parágrafo terceiro, onde di: «Traballadores con discapacidade:...»; debe dicir: «2.º Traballadores con discapacidade:...».

Parágrafo cuarto, onde di: «Maiores de trinta anos e ata corenta e cinco anos:...»; debe dicir: «3.º Maiores de trinta anos e ata corenta e cinco anos:...».

Parágrafo sétimo, onde di: «Maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco anos:...»; debe dicir: «4.º Maiores de corenta e cinco anos e menores de cincuenta e cinco anos:...».

Parágrafo oitavo, onde di: «Traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos:...»; debe dicir: «5.º Traballadores con cincuenta e cinco ou máis anos:...».

Parágrafo décimo, onde di: «Cando o traballador contratado sexa perceptor de prestación contributiva por desemprego...»; debe dicir: «Cando o traballador contratado con cincuenta e cinco ou máis anos sexa perceptor de prestación contributiva por desemprego...».

## XEFATURA DO ESTADO

**20263** *LEI ORGÁNICA 7/2006, do 21 de novembro, de protección da saúde e de loita contra a dopaxe no deporte. («BOE» 279, do 22-11-2006.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A aprobación da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, cuxo título VIII regula o control das substancias e métodos prohibidos no deporte e a seguranza da práctica deportiva, supuxo un punto de partida no establecemento dun marco de represión da dopaxe no deporte, que estivo acompañado dunha política activa na provisión de medios materiais e humanos, recursos orzamentarios, infraestruturas, procedementos e normas de que ata entón carecera o noso sistema deportivo.

A aplicación e desenvolvemento da lei supuxo tamén a entrada en funcionamento da Comisión Nacional Anti-dopaxe, que desempeñou desde entón un papel central en elaborar e aplicar iniciativas neste ámbito, así como en velar pola correcta aplicación da normativa vixente.

Ao longo da década pasada sucesivas normas de carácter regulamentario foron regulando aspectos tan delicados e complexos como a realización de controis con garantías, as condicións xerais para a homologación e o funcionamento de laboratorios públicos e privados, o réxime de infraccións e sancións, ou a lista de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e de métodos non